



DO LATÍN AO GALEGO.



Recreación, Soldados, Romanos, Militares, infantería (Jose Luis Cernadas Iglesias, licenza pxhere)



ÍNDICE

Do latín ao galego.

1. Antes do galego.....	1
1.1 A romanización.....	1
1.2 Tras a caída do Imperio Romano.....	2
<i>Exercicios</i>	2
1.3 O nacemento do galego-portugués.....	3
1.3.1 Palabras populares, cultismos e semicultismos.....	3
<i>Exercicios</i>	4
2. A idade media.....	5
2.1 A lingua galega.....	5
<i>Exercicios</i>	6
2.2 A literatura medieval.....	6
2.2.1 As cantigas medievais.....	7
<i>Exercicios</i>	8
SOLUCIÓNES.....	10

1. Antes do galego.

Antes da chegada dos romanos, residían na nosa terra os celtas, que vivían en castros. Deles quedannos algúns restos na nosa lingua tanto na toponimia (nomes de lugares): Cambre, Céltigos, Laxe, Lousame, Miño, Sar, Sarela... como en nomes comúns: toxo, alpendre, barranco, barro, morea, sapo, carballo, burato, touciño, berce, bico, camiño... A pegada que deixaron estas linguas prerrománicas conforman o substrato do galego.

O propio nome Galicia ou Galiza ten orixe celta. Era o xentilicio dunha tribo situada entre o Miño e o Douro que se estendeu no noroeste, a tribo dos callaeci. A partir deste, fórmase no latín a palabra Gallaecia, que denomina a todo o noroeste peninsular e que se converterá en provincia romana.

1.1 A romanización

O latín é un idioma que ten o berce no centro da Península Itálica. A mediados do século III a.n.e. (antes da nosa era). Roma comeza a expandirse conquistando territorios.

Chegaron a Galicia as primeiras lexións romanas nas campañas de Décimo Xulio Bruto e con elas chegou o latín. No século I a.n.e., Xulio César realizou unha expedición ao noso territorio. Os celtas opuxeron resistencia e foron finalmente derrotados na batalla do monte Medulio. Este proceso de conquista é coñecido como **romanización**. Esta non foi autoritaria nin rápida, senón que convivían os celtas e os romanos e dábanse matrimonios mixtos. Un importante interese eran as explotacións mineiras, en concreto a extracción de ouro. Ademais, crearon un importante sistema de vías de comunicación e implantaron novas técnicas na agricultura.

O territorio conquistado ocupaba máis alá dos límites actuais da nosa comunidade, pois chegaba ata o norte de Portugal e parte de León e Asturias. Como comentamos, esta provincia romana chamábase **Gallaecia** e dividíase nos *conventus* asturicense, lucense e bracarense coas capitais Asturica Augusti (Astorga), Lucus Augusti (actual Lugo) e Bracara Augusti (Braga) respectivamente.

A lingua que falaban estes primeiros soldados que chegaron diferenciábase do latín culto, o das clases máis altas e propio da escrita. Este latín vulgar en cada zona conquistada foi adaptado polo pobo, co pegada das linguas prerrománicas. Pouco a pouco a partir do século II comeza a substitución lingüística das linguas prerrománicas polo **latín**, proceso que durará ata o século VI.

Nos distintos territorios conquistados, o latín evolucionou e fóronse formando linguas novas: o catalán, o castelán, o francés, o romanés, o italiano.... Todas estas linguas, cuxa orixe é o latín, coñécense como linguas **romances ou románicas**.

1.2 Tras a caída do Imperio Romano

Coa caída do Imperio Romano no **século V** chegaron **os pobos xermánicos**: os suevos, vándalos e visigodos. Os **suevos** fundaron no século V o reino de Galiza e deixaron tamén a pegada na nosa lingua sobre todo na toponimia (*Mondariz, Allariz, Guitiriz, Gondomar, A Gudiña...*) como na antroponimia ou nos nomes propios (*Afonso, Alberte, Álvaro, Elvira, Fernando, Gonzalo, Guillerme, Xerardo...*) Ademais, tamén temos vocabulario común de orixe xermánica como, por exemplo, *frecha, guerra, orgullo, rico, roubar, roupa...*

Ademais da pegada xermánica, encontramos restos no vocabulario galego dos **árabes**, que pasaron polo noso territorio no **século VIII**. Deixaron topónimos como *Rábade, Sada* ou *A Mezquita* e vocabulario común (gran parte deste léxico comeza por *al-*) como, por exemplo, *alcalde, aldea, algodón, azucre, laranxa, limón, aceite, alcohol, xabarl, alfombra, almofada, cifra...*

As achegas lingüísticas de orixe xermánica e árabe forman parte do **superestrato** do galego.

EXERCICIOS

Exercicio 1

Completa o cadro: *árabes, bico, guerra, celta, xermánicos, aceite, Afonso, camiño, laranxa, prerrománicos*.

SUBSTRATO	SUPERESTRATO
Pegada das linguas dos pobos..... como o	Pegada das linguas dos pobos..... e dos.....
Exemplos:	Exemplos:

Exercicio 2

Responde as seguintes cuestións:

- Que pobos vivían no noso territorio antes da romanización?
- Como se chamaba a provincia romana do noroeste da península?
- Cales eran os conventus romanos?
- De que dúas formas se coñecen as linguas cuxa orixe é o latín?
- Cando foi a caída do Imperio Romano?

f) Cal foi un pobo xermánico que fundou o reino galego no século V?

1.3 O nacemento do galego-portugués

Coa caída do Imperio Romano no século V, agudizáronse as diferenzas lingüísticas entre o latín dos diferentes territorios conquistados. Aínda que o primeiro documento escrito na nosa lingua non apareceu ata o século XII, o noso idioma comezou a xurdir polo **século VIII**, pois aínda que se escribía en latín atopamos nos textos palabras diferenciadas como *rego*, *vila*, *couto*...

1.3.1 Palabras populares, cultismos e semicultismos

As palabras **populares** ou **patrimoniais** forman parte do léxico desde os primeiros momentos de formación da nosa lingua, así como as súas palabras derivadas ou compostas. Son o resultado de transformacións fonéticas do latín ao galego como a perda do -N- intervocálico (*LUNA*>*lúa*, *CENA*>*cea*), a perda do -L- intervocálico (*MOLA*>*moa*, *CAELU*>*ceo*) ou a transformación dos grupos consonánticos FL-, PL- E CL- en ch (*FLAMA*>*chama*, *PLENU*>*cheo*, *CLAVE*>*chave*).

As palabras **semicultas** entraron no idioma máis tarde, despois da súa formación. Sufriron unha menor evolución que as palabras populares, pois estas palabras na súa maioría usábanse en ámbitos máis elevados como a Igrexa. Algúns exemplos son *SAECULU*>*século* ou *ECCLESIA*>*igreja*.

Por último, as palabras **cultas** introducíronse máis tarde para crear novos termos. Non experimentaron os cambios fonéticos das populares nin semicultas, pois adoitan manter a forma latina orixinaria só con pequenos cambios ortográficos. Son moi semellantes en todas as linguas románicas. Exemplos: *artículo*, *clavícula*, *lunar*, *molar*, *nocturno*...

É común na nosa lingua conservar dun termo latino as formas populares e semicultas, o que é coñecido como **dobrete**. Menos frecuente, é a presenza dun termo latino coas tres formas (popular, semiculta e culta), denominado *triplete*.

LATÍN	POPULAR	SEMICULTA	CULTA
ARTICULU	artello	artigo	artículo
PLENA	chea	preamar	plena
PLANU	chan	de pran	plano
SECRETU	segredo		secreto
CATHEDRA	cadeira		cátedra
FABULARE	falar		fabular
CLAMARE	chamar		clamar

EXERCICIOS

Exercicio 3

Completa o cadro coas seguintes palabras: *clavícula*, *LIMPIDU*, *allear*, *chavella*, *LITIGARE*, *límpido*, *caldo*, *cabido*, *cálido*, *litigar*, *alienar*.

Só no primeiro caso hai palabras semicultas.

LATÍN	POPULAR	SEMICULTA	CULTA
CLAVICULA		caravilla	
	limpo		
CAPITULU			capítulo
CALIDU			
	lidar		
ALIENARE			

2. A idade media.

A Idade Media comeza coa caída do Imperio Romano no século V e **remata no século XV** coa conquista de América. Se nos centramos na nosa lingua, poderíamos establecer o seu comezo no século XVIII, cando se establece unha lingua diferenciada do latín, o **galego-portugués**, nun primeiro momento cun uso exclusivamente oral.

O galego na Idade Media é a lingua habitual da poboación e fálase tanto en aldeas como nas cidades e emprégano tanto as clases altas como o campesiñado ou a xente do mar.

- A sociedade é **feudal**, dividida en estamentos: o clero e a nobreza teñen todo o poder e privilexios, ao contrario que a poboación campesiña e mariñeira. Por outra banda, xorde unha burguesía artesanal e mariñeira, concentrada nos burgos.
- A cultura será dominada por parte da **Igrexa** tanto nos mosteiros como nas primeiras escolas ou universidades.
- Galiza comeza no século V como reino independente suevo e máis tarde formará parte dos **reinos astur-leonés e castelán**. A partir do século XII o que era a Gallaecia romana queda dividida polo río Miño, pois nace **o reino de Portugal** e agudízanse as diferenzas lingüísticas do norte e sur do Miño.
- Nos séculos XI e XII vívese a etapa de máximo esplendor, denominada **Era Compostelá** pois destaca Compostela tras o descubrimento dos restos do Apóstolo Santiago no século IX e o camiño como ruta de intercambio cultural e artístico.

Nesta época melloran as condicións de vida e técnicas agrícolas, aumenta a poboación, non existen conflitos bélicos, crecen as urbes e a burguesía comercial.

- A mediados do **século XIII comeza a decadencia de Galiza** ao depender da coroa de Castela e sufrir a crise que tamén aconteceu no resto de Europa: produción menor, fame, catástrofe demográfica...

A crise política débese á independencia de Portugal, o poder político desprázase a Toledo e en dúas **guerras de sucesión** a nobreza galega apoia a quen non resulta vencedor. No século XV as tropas dos **Reis Católicos** veñen a Galiza e someten a nobreza. Ademais, entra no noso territorio unha clase dirixente castelá que imporá a súa lingua.

2.1 A lingua galega

Como se comentou, tense constancia da aparición no século XVIII de palabras non latinas en textos escritos en latín culto como *meio, couto, rego*...O galego-portugués, daquela lingua común ao norte e ao sur do río Miño era a **lingua oral** de todas as clases sociais, excepto o ámbito relixioso e cultural dominado polo latín.

A diferenciación lingüística das falas dun lado e outro do Miño comeza coa separación política do condado de Portugal no século XII. A finais do **século XII** comezan a aparecer os primeiros textos escritos e o uso do galego-portugués na escrita xeneralizouse a ámbitos como o privado, documentos xudiciais, documentos científicos, sobre a historia e os documentos literarios, que afondaremos posteriormente.

O galego-portugués goza de prestixio, pois fálanos tamén os reis e vai máis alá das fronteiras grazas á **lírica medieval**.

Algunhas características fonéticas e ortográficas son as vogais nasais (mão), hiatos (seer, veer), ç (braço), -ss- (nosso), -zer (dizer)...

EXERCICIOS

Exercicio 4

Sinala se os enunciados son verdadeiros (V) ou falsos (F) como no exemplo:

- a) A Idade Media comeza coa chegada dos romanos. F
- b) A Idade Media remata no século XV.
- c) A sociedade era estamental e dividíase en diferentes clases sociais.
- d) A burguesía estaba composta por mariñeiros e artesáns.
- e) As primeiras aparicións de palabras galegas en textos latíns son do século X.
- f) Na Era Compostelá hai unha profunda crise.
- g) Polo Camiño de Santiago transmitíase cultura e arte.
- h) Nas Guerras de Sucesión a nobreza galega apoiou os vencedores.
- i) A partir do século XIV chega a Galiza nobreza castelá.
- j) A principios da Idade Media o galego era a lingua oral só das clases baixas.

2.2 A literatura medieval.

Grazas á época de esplendor dos séculos XII e XIII nace a **lírica trobadoresca galego-portuguesa**, conservada a través dos máis de dous mil textos dos que se ten constancia e máis de 150 poetas. Participa a nobreza de toda a Península excepto do ámbito catalán, que empregaba a lingua provenzal e os reinos musulmáns.

Dividimos as seguintes etapas:

Período pre-trobadoresco: O texto trobadoresco máis antigo data a finais do século XII e é o sirventés "Ora faz ost'ó senhor de Navarra" do autor Johan Soarez de Pavia.

A etapa de esplendor: Ten lugar no século XVIII e céntrase na difusión da corte literaria de Afonso X O Sabio. Posteriormente, o centro de difusión desprázase a Portugal coa corte de Don Dinís.

A etapa de decadencia: Entre mediados do século XIV e a mediados do século XV comeza a crise de Galiza e o último cancionero da escola galego-castelá que conservamos é o *Cancioneiro de Baena* (1445).

2.2.1 As cantigas medievais.

Na lírica medieval distinguimos entre temática **profana** (non relixiosa) e temática **relixiosa**. Na lírica profana, os xéneros maiores (cantigas de amigo, amor, de escarnio e maldicir) e os xéneros menores (pastorela, pranto, tenzón...). Centrarémonos nos xéneros maiores.

- Nas **cantigas de amigo** fala unha muller (amiga) que se dirixe ao seu **amigo** (namorado), laméntase pola súa ausencia, imaxina un encontro futuro ou lembra un encontro romántico. Adoita aparecer ao principio da composición a palabra *amigo*. Ademais, preséntanse elementos da natureza en ocasións con función simbólica e empréganse elementos de repetición como o refrán ou o paralelismo. Por último, poden aparecer como confidentes amigas ou sobre todo a nai, que pode tamén ser a voz poética e falar sobre a relación dos namorados.

O **refrán** fórmano os versos que se repiten despois dunha estrofa, normalmente un número de versos menor que o da estrofa (entre un e tres).

O **paralelismo** consiste na repetición de palabras ao inicio ou final do verso e tamén pode darse se se repite unha mesma estrutura sintáctica (por exemplo, verbo + substantivo + adxectivo).

- Nas **cantigas de amor** un home (o trovador) diríxese a unha dama, á que lle expresa o seu amor. A palabra clave que aparece na maioría das cantigas é **senhor**, referíndose a dama. Baséase nas relacións feudais de **vasalaxe**, xa que o trovador actúa como vasalo e promételle fidelidade á senhor. Aparece unha **imaxe idealizada** da muller, pola que o senhor sente unha adoración case relixiosa. Hai un distanciamento na relación que polo xeral non se consegue superar, pois é un amor polo xeral non correspondido polo que a relación é imposíbel. Esta imposibilidade denomínase **coita de amor** e pode volver sandeu ao trovador (conducilo á loucura) ou incluso facer que morra de amor.

Con respecto á forma, encontramos máis cancións sen refrán (versos que se repiten despois de cada estrofa) e os versos de cada estrofa adoitan ser máis e dunha medida maior que na de amigo.

- As **cantigas de escarnio e maldicir** son cantigas de burlas que buscan o ataque persoal, a ridiculización e a crítica da sociedade.



A diferenza é que as **cantigas de escarnio** falan mal dalgunha persoa e satirizan de forma indirecta e encuberta, mentres que as **cantigas de maldicir** realizan unha crítica de forma directa e clara.

Podemos distinguir temática política (crítica á nobreza e monarquía), literaria (enfrentamentos con outros trobadores, parodia das cantigas de amor...) ou social (a grupos como por exemplo aos cegos ou a costumes).

A **lírica relixiosa** confórmana as **Cantigas de Santa María**, que narran milagres da Virxe ou loan as súas características ao estilo das cantigas de amor. A pesar de que a súa autoría se lle atribúa ao rei **Afonso X**, tense a certeza de que na súa composición interviñeron polo menos 6 trobadores e só hai 10 cantigas escritas polo rei. Considérase autor por ser quen coordinou o equipo que elaborou esta obra.



EXERCICIOS

Exercicio 5

Observa esta composición de Don Dinís e selecciona a opción correcta:

Non chegou, madr', o meu amigo,

e ojést'o prazo saído:

ai madre, moiro d'amor!

E ojést'o prazo pasado!

Por que mentiu o perjurado?

Ai madre, moiro d'amor!

Non chegou, madr', o meu amado,

e ojést'o prazo pasado:

ai madre, moiro d'amor!

Porque mentiu o desmentido,

pesa-mi, pois per sí é falido:

ai madre, moiro d'amor!

E ojést'o prazo saído!

Por que mentio o desmentido?

Ai madre, moiro d'amor!

Porque mentiu o perjurado,

pesa-mi, pois mentiu per seu grado:

ai madre, moiro d'amor!

- Trátase dunha composición de amor / amigo porque aparece a figura da senhor / do amigo. Ademais, diríxese á amiga / nai.
- No terceiro verso de cada estrofa repítese *ai madre, moiro d'amor!*. Esta repetición denomínase refrán / paralelismo.

- No primeiro verso das dúas últimas estrofas (*Porque mentiu o desmentido/ Porque mentiu o perjurado*) vemos que se repite a estrutura *porque mentiu o+participio*, polo que aparece o recurso do paralelismo / refrán. Esta repetición tamén ten lugar noutras partes da cantiga como no primeiro verso da primeira e segunda estrofa e no primeiro verso da terceira e cuarta estrofa.

Exercicio 6

Subliña as palabras polas que sabemos que se trata dunha cantiga de amor.

*Mesura seria, senhor,
de vos amercear de mi,
vos em grave dia vi;
e en mui grav'é voss'amor:
tam grave, que nom hei poder
daquesta coita mais sofrer
de que, muit'há, fui sofredor*

É un amor feliz e correspondido ou ao contrario?

Sinala algunha palabra con características ortográficas do galego medieval que non presenta o galego actual.

SOLUCIÓNS

Exercicio 1

Completa o cadro: *árabes, bico, guerra, celta, xermánicos, aceite, Afonso, camiño, laranxa, prerrománicos*.

SUBSTRATO	SUPERESTRATO
Pegada das linguas dos pobos prerrománicos como o <u>celta</u> .	Pegada das linguas dos pobos <u>xermánicos</u> e dos <u>árabes</u> .
Exemplos: <u>bico</u> , <u>camiño</u> .	Exemplos: <u>guerra</u> , <u>aceite</u> , <u>Afonso</u> , <u>laranxa</u> .

Exercicio 2

Responde as seguintes cuestións:

- Que pobos vivían no noso territorio antes da romanización?
Os celtas / prerrománicos.
- Como se chamaba a provincia romana do noroeste da península?
Gallaecia.
- Cales eran os *conventus* romanos?
Asturicense, lucense e bracarense.
- De que dúas formas se coñecen as linguas cuxa orixe é o latín?
Romances ou románicas.
- Cando foi a caída do Imperio Romano?
No século V.
- Cal foi un pobo xermánico que fundou o reino galego no século V?
O suevo.

Exercicio 3

Completa o cadro coas seguintes palabras: *clavícula, LIMPIDU, allear, chavella, LITIGARE, límpido, caldo, cabido, cálido, litigar, alienar*.

Só no primeiro caso hai palabras semicultas.



LATÍN	POPULAR	SEMICULTA	CULTA
CLAVICULA	chavella	caravilla	clavícula
LIMPIDU	limpo		límpido
CAPITULU	cabido		capítulo
CALIDU	caldo		cálido
LITIGARE	lidar		litigar
ALIENARE	allear		alienar

Exercicio 4

Sinala se os enunciados son verdadeiros (V) ou falsos (F) como no exemplo:

- a) A Idade Media comeza coa chegada dos romanos. F
- b) A Idade Media remata no século XV. V
- c) A sociedade era estamental e dividíase en diferentes clases sociais. V
- d) A burguesía estaba composta por mariñeiros e artesáns. F
- e) As primeiras aparicións de palabras galegas en textos latíns son do século X. F
- f) Na Era Compostelá hai unha profunda crise. F
- g) Polo Camiño de Santiago transmitíase cultura e arte. V
- h) Nas Guerras de Sucesión a nobreza galega apoiou os vencedores. F
- i) A partir do século XIV chega a Galiza nobreza castelá. V
- j) A principios da Idade Media o galego era a lingua oral só das clases baixas. F

Exercicio 5

Observa esta composición de Don Dinís e selecciona a opción correcta:



Non chegou, madr', o meu amigo,

e oj'ést'o prazo saído:

ai madre, moiro d'amor!

E oj'ést'o prazo pasado!

Por que mentiu o perjurado?

Ai madre, moiro d'amor!

Non chegou, madr', o meu amado,

e oj'ést'o prazo pasado:

ai madre, moiro d'amor!

Porque mentiu o desmentido,

pesa-mi, pois per sí é falido:

ai madre, moiro d'amor!

E oj'ést'o prazo saído!

Por que mentio o desmentido?

Ai madre, moiro d'amor!

Porque mentiu o perjurado,

pesa-mi, pois mentiu per seu grado:

ai madre, moiro d'amor!

- Trátase dunha composición de amigo porque aparece a figura do amigo. Ademais, diríxese á nai.
- No terceiro verso de cada estrofa repítese *ai madre, moiro d'amor!*. Esta repetición denomínase refrán.
- No primeiro verso das dúas últimas estrofas (*Porque mentiu o desmentido/ Porque mentiu o perjurado*) vemos que se repite a estrutura *porque mentiu o+participio*, polo que aparece o recurso do paralelismo. Esta repetición tamén ten lugar noutras partes da cantiga como no primeiro verso da primeira e segunda estrofa e no primeiro verso da terceira e cuarta estrofa.

Exercicio 6

Subliña as palabras polas que sabemos que se trata dunha cantiga de amor.

*Mesura seria, senhor,
de vos amercear de mi,
vos em grave dia vi;
e en mui grav'é voss'amor:
tam grave, que nom hei poder
daquesta coita mais sofrer
de que, muit'há, fui sofredor*

É un amor feliz e correspondido ou ao contrario? Non, pois como indica nos últimos versos sofre polo amor (coita de amor).

Sinala algunha palabra con algunha característica ortográfica do galego medieval que non presenta o galego actual: senhor, em, voss'amor, tam, nom...